



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e cinco minutos da mañá do día catorce de decembro de dous mil doce, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Benigno Galego Castro, Álvaro Rodríguez Graña, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Non asistiron Roberto Oscar López López e Cándido Eusebio Prieto Lago. Actúa de Secretaria, Paula Díaz Tie. De seguido trátanse os seguintes asuntos da orde do día:

1 APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2012. Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2 ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DA CASA DE TURISMO RURAL. Despois de leer a proposta da alcaldía seguinte: O expediente de contratación para a xestión da casa de turismo rural por procedemento ordinario, forma aberto iniciouse por acordo do Pleno do día 31.10.2012, despois de publicar a licitación no BOP do día 12.11.2012 e no perfil do contratista o día 05.11.2012 e transcorrido o período de licitación, unicamente se presentou unha oferta, que foi valorada pola mesa de contratación reunida os días 02.12.2012 e 14.12.2012 e unha vez achegada a documentación que se lle solicitou. Esta alcaldía, ao abeiro do disposto nos artigos 161 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) propón a adopción do seguinte acordo: Primeiro: Adxudicar o contrato de xestión da casa de turismo rural “Finca Cabaneiro” a María Elena Ramos González DNI 32683767P mediante a modalidade de concesión, por un prezo de 5050,00 € mais 1060,5 € euros anuais e por un período de catro anos segundo o modelo de xestión presentado na oferta. Segundo: Facultar expresamente a Sra. Alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente e delegar na alcaldía todas as facultades que establece a lei ao órgano de contratación. Terceiro: Publicar a adxudicación definitiva deste contrato no perfil do contratista. A alcaldesa, Ana Rodríguez Montero **Os membros do pleno por maioría aprobaron a proposta anterior.** Catro votos a favor dos Concelleiros Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da alcaldesa e dúas abastencions dos concelleiros Benigno Galego Castro e Álvaro Rodríguez Graña. O Concelleiro Juan José Ramos Prieto, non votou.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión sendo as doce horas e dez minutos do día trinta e seis de decembro de 2012. Do que eu como Secretaria dou fe:

A secretaria

Paula Díaz Tie

A alcaldesa

Ana Rodríguez Montero